

XV Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións

Premios ás mellores comunicacións presentadas por investigadores/as novos/as

1. Convocatoria

A Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións (SGAPEIO) convoca dous premios ás mellores comunicacións presentadas no XV Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións por investigadores/as novos/as, en dúas modalidades: mellor comunicación teórica e mellor comunicación aplicada.

2. Participantes

Os requisitos para optar ao premio son os seguintes:

- Non ter cumpridos 30 anos a 31 de decembro de 2021, acreditado cunha copia do DNI/NIE/pasaporte.
- Ser o/a primeiro/a autor/a da comunicación.
- Inscribirse no congreso e presentar a comunicación.
- Os traballos que se presenten ao premio deberán ser inéditos (non poden estar publicados antes do 15 de outubro de 2021 nunha revista científica), cunha extensión de 12 páxinas como máximo seguindo o formato establecido polo congreso, redactados en galego, castelán, portugués ou inglés e versarán sobre algunha materia específica da área de Estatística e Investigación de Operacións. Os/As candidatos/as seleccionados/as deberán defender oralmente o traballo no XV Congreso Galego de Estatística e investigación de Operacións.
- Non hai limitación de comunicacións presentadas por unha mesma persoa.

3. Inscripción

Para optar ao premio SGAPEIO á mellor comunicación presentada no XV Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións, o/a candidato/a debe de enviar o traballo seguindo o procedemento ordinario de presentación das comunicacións e co mesmo prazo, e indicará no formulario de presentación que opta ao premio. Ademais, enviará unha mensaxe de correo electrónico ao enderezo sgapeio2021@usc.es achegando unha copia escanada do DNI/NIE/pasaporte.

4. Xurado e valoración das comunicacións

O xurado estará formado por cinco persoas elixidas entre o Comité Científico do XV Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións. Non poderán formar parte do xurado os/as coautores/as dos traballos e as persoas que teñan relación contractual cos/as

candidatos/as. No caso de que os/as membros do Comité Científico non sexan suficientes, por motivos de incompatibilidades ou outros impedimentos, poderán formar parte do xurado membros do Comité Organizador.

O xurado fará unha preselección dos traballos enviados. Os traballos seleccionados serán expostos nunha sesión de comunicacións especial para os/as candidatos/as ao premio (os traballos non seleccionados nesta fase non optarán ao premio pero poderán ter a oportunidade de expoñerse nalgunha das outras sesións orais), e o xurado fará unha valoración final tendo en conta o traballo enviado ao congreso, así como a presentación realizada.

A decisión do xurado será inapelable e os premios poderán ser declarados desertos por proposta deste.

5. Premios

Os/as candidatos/as terán que indicar a modalidade do premio á que se presentan:

- Modalidade A (comunicación teórica): traballos orientados á obtención de propiedades de métodos novidosos ou novas propiedades de métodos xa existentes.
- Modalidade B (comunicación aplicada): traballos aplicados nos que o obxectivo principal sexa a resolución dun problema real.

A cada comunicación premiada corresponderalle un premio de 500 €. Así mesmo, todos/as os/as autores/as da comunicación recibirán un diploma que acredite a concesión do premio.

A notificación da concesión dos premios e a súa entrega realizaranse durante o acto de clausura do congreso.

6. Reserva de dereito

A SGAPEIO resérvase o dereito a modificar as condicións do premio sempre que conorra causa xustificada.

7. Aceptación das bases do concurso

A participación no premio supón a plena aceptación das súas bases.

8. Confidencialidade e dereitos de propiedade intelectual

O contido dos traballos que se presenten, así como todos os datos e documentación aportada, terán carácter absolutamente confidencial e acceso restrinxido, e como tales serán tratados tanto pola organización dos Premios como polo Xurado.